



FICHA DE LECTURA: "ESTA HISTORIA É A PERA"

Contidos que podes traballar con esta actividade:

Área Ciencias Sociais. Bloque 2: O mundo en que vivimos;
Bloque 3: Vivir en sociedade.

Área Lingua Castelá e Literatura. Bloque 1: Comunicación oral:
falar e escoitar; Bloque 2: Comunicación escrita: ler;
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

Área Valores sociais e cívicos. Bloque 2: A comprensión e o
respecto nas relacións interpersoais;
Bloque 3: A convivencia e os valores sociais

Necesitaremos:

Conto "Esta historia é a pera".

Póster do conto "Esta historia é a pera".

Consideracións previas para o/a educador/a:

Colgar nun lugar visible da aula o poster coas ilustracións do conto,
para que sirvan de apoio á hora de narrar a historia.

Desenvolvemento:

1ª Fase:

Ler o conto "Esta historia é a pera" apoiándose no poster.

Despois da lectura do conto e para poñernos no lugar das froitas e
verduras que son descartadas faremos unha sinxela actividade:

En gran grupo pedirilles que pensen:

- Unha tarefa/actividade/deporte...que lles guste e que consideren que se lles dea ben: Canto tempo levan practicándoo? Que esforzos tiveron que facer para aprendela?

Poñer en común e reflexionar a partir da seguinte formulación:

- Imaxina que polo teu aspecto físico descártanche para facer esa tarefa/actividade que tanto che gusta, sen darche ningunha oportunidade para demostrar o que sabes: como te sentirías? pareceríache xusto? que farías para defenderte?



2ª Fase:

Retomar a historia do conto e reflexionar en gran grupo sobre o seu contido, relacionándoo co traballado durante a primeira fase da actividade:

- Quen vive unha situación similar no conto? Quen son descartadas polo seu aspecto físico?
- Como creedes que senten esas froitas e verduras?
- Pensade no traballado na primeira parte da actividade: sérvevos para poñervos no lugar dos alimentos que son descartados?
- En que dous momentos do conto aparecen exemplos de desperdicio de alimentos? Cales son os motivos que fan que eses alimentos acaben no lixo?
- Algunha vez vistes en casa como se tiraban alimentos ao lixo?, E no colexio?, E nalgún outro lugar?